

## NOTA DE PRENSA

**A Casa de la Troya abre, a partir de mañá mércores, todos os días durante o verán ata o 9 de setembro, de martes a sábado**

**Continúan as visitas culturais teatralizadas os venres polo centro histórico de Santiago e o museo**

**Un guía caracterizado como un dos personaxes da novela de Pérez Lugín vencella os lugares que se visitan coa trama do libro**

---

*Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2017 (Vía Láctea Comunicación).*- O Museo Casa de la Troya abre, a partir de mañá mércores, todos os días durante o verán ata o 9 de setembro. O horario do museo será de 11:00 a 14:00 horas polas mañás e de 16:00 a 20:00 horas polas tardes, agás os venres, que se prolongará ata as 22:00 horas. Os domingos e os luns está pechado ao público.

Ao longo do verán continuarase tamén coa actividade dos “Venres Troianos”, posta en marcha o pasado mes de maio con grande éxito de público, o que obrigou aos seus promotores a ampliála ás datas estivais. Son roteiros culturais teatralizados por diferentes rúas e prazas do centro histórico de Compostela, seguidos dunha visita ao propio museo.

“Con esta iniciativa buscamos dar a coñecer o museo e contextualizalo no marco da cidade e do seu tempo” -explica **Benigno Amor**, vicepresidente do Padroado da Casa de la Troya-. “Pretendemos que a experiencia resulte interesante e entretida para o público de todas as idades. Precisamente as familias están a ter unha gran presenza nestes roteiros” -resalta-.

Neste mes de xullo haberá un roteiro o día 28; e en agosto os venres 4, 11, 18 e 25. O percorrido, que partirá cada día da praza do Toural, comezará ás 20:30 horas, cunha duración estimada dunha hora e media, rematando cunha visita guiada ao museo, que concluírá sobre as 22:00 horas. O número máximo de participantes por cada un destes roteiros dramatizados será de 15 e terá un custo de 5 euros por persoa. A inscrición para participar nos mesmos pode facerse chamando ao teléfono do museo (**981 585 159**).

O guía turístico **Suso Martínez**, historiador, divulgador e actor especializado na historia de Galicia, que leva máis dunha década realizando visitas guiadas dramatizadas, fai estas rutas caracterizado como un dos personaxes da novela *La casa de la Troya* de Alejandro Pérez Lugín, o estudante Barcala. Combina a información cultural e histórica co humor e vencella os lugares que se visitan coa trama do libro. “Fai moi ameno o relato dos feitos históricos e facilita que os participantes se acheguen ao tempo no que transcorre a novela” -sinala **Amor**-.